

**CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA FORMACIÓN
COMPLEMENTARIA NO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA
CORUÑA PARA ESTUDANTES DE DEREITO**

CURSO ACADÉMICO 2024/2025

O Consello Social da Universidade da Coruña convoca dúas bolsas para formación complementaria na súa sede dirixidas a estudantes de Grao en Dereito da Universidade da Coruña.

OBXECTO DA AXUDA

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación de dúas bolsas no Consello Social da Universidade da Coruña para completar a formación universitaria de estudantes do Grao en Dereito que teñan superado o 60% dos créditos da titulación ao peche da data de admisión de solicitudes.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Todas as persoas solicitantes dunha bolsa deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculado/a no curso 2024/2025 na titulación Grao en Dereito da UDC e estar ao corrente do pagamento das taxas que correspondan.
2. Non ser beneficiario dunha bolsa de colaboración do MEC ou calquera outra destinada ao mesmo fin así como non realizar actividades retribuídas que supoñan a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional. Porén, serán compatibles coas bolsas de carácter xeral do MEC, da Administración Autonómica e as axudas convocadas pola UDC (transporte, residencias...). O desfrute simultáneo dunha bolsa convocada por esta resolución con algunha bolsa incompatible será causa de reintegro.
3. Non manter relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable coa propia universidade ou centro adscrito desta.

Código Seguro De Verificación	2OnskBe10kqJzM+zp+wOMw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL - Jesús Alberto Spósito Prado	Asinado	26/07/2024 10:09:13
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2OnskBe10kqJzM+zp+wOMw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse en calquera das oficinas de Rexistro da Universidade da Coruña.

Deberá presentarse a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude debidamente asinado (Anexo I).
- Currículo Vitae da persoa solicitante, coa correspondente documentación que acredite os distintos méritos.
- Declaración responsable de non contar con ningunha axuda económica incompatible, nin realizar ningunha actividade retribuída. No caso de realizarse unha actividade retribuída, certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional (Anexo II).

PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes comezará a computar a partir do día seguinte á data publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña e rematará o 16 de setembro de 2024.

CONTÍA E PERÍODO

O importe bruto da bolsa será de 700,00 € mensuais, contía á que se lle aplicarán as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

Así mesmo, descontarase deste importe a cotización da Seguridade Social correspondente á persoa adxudicataria, segundo o disposto no Real Decreto 1493/2011 de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponda.

A dotación total das bolsas será de trece mil seiscentos noventa e sete euros con oitenta e dous céntimos (13.697,82 €) con cargo á partida 110A 111A 480.00.

Código Seguro De Verificación	2OnskBe10kqJzM+zp+wOMw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL - Jesús Alberto Spósito Prado	Asinado	26/07/2024 10:09:13
Observacións		Páxina	2/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2OnskBe10kqJzM+zp+wOMw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



A duración destas bolsas será de 9 meses consecutivos entre o día 1 de outubro de 2024 e o 30 de xuño de 2025 con xornada de luns a xoves en horario de 9:00 a 14:00 h. En ningún caso, poderá levarse a cabo a realización das actividades de maneira fraccionada, agás no suposto de interrupción por período vacacional na sede do Consello Social, en cuxo caso se reiniciará unha vez finalizado este, ata completar os nove meses.

COMISIÓN DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A Comisión de Selección encargada de valorar as solicitudes estará integrada por:

- D. Antonio Abril Abadín, Presidente do Consello Social.
- D. Jesús Spósito Prado, Secretario do Consello Social.

Criterios de avaliación:

1. Expediente académico do grao: 50% (máximo 5 puntos)
2. Entrevista persoal: 30% (máximo 3 puntos)
3. Outros méritos: 20% (máximo 2 puntos)
 - 3.1. Experiencia documentada relacionada co obxecto da bolsa: prácticas, traballo (máximo 0,5 puntos)
0,1 puntos por mes traballado
 - 3.2. Formación complementaria específica nas materias obxecto da bolsa á que se opta (máximo 1 punto)
 - ✓ Cursos inferiores a 10 horas: 0,1 puntos
 - ✓ Cursos entre 10-19 horas: 0,2 puntos
 - ✓ Cursos entre 20-49 horas: 0,3 puntos
 - ✓ Cursos de máis de 49 horas: 0,4 puntos
 - 3.3. Idiomas (máximo 0,5 puntos)
 - ✓ Nivel A2 ou equivalente: 0,1 puntos
 - ✓ Nivel B1 ou equivalente: 0,2 puntos
 - ✓ Nivel B2 ou equivalente: 0,3 puntos
 - ✓ Nivel C1 ou equivalente: 0,4 puntos
 - ✓ Nivel C2 ou equivalente: 0,5 puntos

Só se valorarán os méritos que se acrediten documentalmente conxuntamente coa solicitude.

Código Seguro De Verificación	20nskBe10kqJzM+zp+wOMw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL - Jesús Alberto Spósito Prado	Asinado	26/07/2024 10:09:13
Observacións		Páxina	3/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/20nskBe10kqJzM+zp+wOMw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



OBRIGAS DA PERSOA BOLSEIRA

A persoa bolsreira será responsable da veracidade dos datos achegados. O seu incumprimento dará lugar á cancelación da bolsa e ao reintegro das cantidades percibidas.

A persoa bolsreira comprométese a comunicar coa antelación suficiente e, segundo os casos, o máis rapidamente posible ao titor/a que se lle asigne calquera circunstancia que afecte ao desenvolvemento das actividades encargadas. Así mesmo, a persoa bolsreira comprométese a entregar ao/á titor/a unha memoria final das actividades realizadas, para o que disporá dun mes de prazo tras a finalización da bolsa. O incumprimento desta obriga suporá a devolución da contía recibida.

O incumprimento por parte da persoa bolsreira dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

ACEPTACIÓN E RENUNCIA

O resultado do proceso de selección se fará público no apartado “Noticias” da web institucional do Consello Social, no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña e mediante comunicación persoal dirixida aos interesados. As persoas que resulten seleccionadas deberán formalizar a aceptación da bolsa no prazo de 3 días hábiles contados dende a publicación da resolución da convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña por correo electrónico no seguinte enderezo: consello.social@udc.es.

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (“Regulamento Xeral de Protección de Datos” ou RXPDP), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Código Seguro De Verificación	20nskBe10kqJzM+zp+wOMw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL - Jesús Alberto Spósito Prado	Asinado	26/07/2024 10:09:13
Observacións		Páxina	4/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/20nskBe10kqJzM+zp+wOMw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



A solicitude bolsa de formación complementaria no Consello Social, implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais.

A persoa interesada consinte no tratamento dos datos aos efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia "protección de datos", a través dun escrito firmado ao efecto achegando fotocopia do seu DNI.

Código Seguro De Verificación	2OnskBe10kqJzM+zp+wOMw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL - Jesús Alberto Spósito Prado	Asinado	26/07/2024 10:09:13
Observacións		Páxina	5/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2OnskBe10kqJzM+zp+wOMw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Asemade, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DÚBIDAS E INFORMACIÓN

Todas as dúbidas relacionadas con esta convocatoria deberán ser plantexadas por correo electrónico a través do enderezo consello.social@udc.es

O Secretario do Consello Social

Jesús Spósito Prado

Código Seguro De Verificación	20nskBe10kqJzM+zp+wOMw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL - Jesús Alberto Spósito Prado	Asinado	26/07/2024 10:09:13
Observacións		Páxina	6/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/20nskBe10kqJzM+zp+wOMw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO I

Eu, _____, con DNI nº _____, e domicilio a efectos de notificación en _____, manifesto o meu interese en presentarme á CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA PRÁCTICAS NO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA ESTUDANTES DE DEREITO. CURSO ACADÉMICO 2024/2025, e a tal efecto,

SOLICITO

Que se teña por formalizada a miña candidatura a efectos da súa avaliación pola Comisión de Selección.

En A Coruña, ____ de _____ de 2024

Sinatura

A/A SECRETARÍA DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA PRÁCTICAS NO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

D/Dona: _____

DNI: _____

Dirección: _____

Código Postal: _____ Localidade: _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que según a Convocatoria de bolsas para prácticas no Consello Social da Universidade da Coruña non manteño relación contractual de carácter laboral, de servizo ou prestación de servizos ou asimilable con ningunha empresa, institución ou entidade, nin coa universidade ou centro adscrito á mesma.

Que según a Convocatoria de bolsas para prácticas no Consello Social da Universidade da Coruña non son beneficiario dunha bolsa ou axuda de carácter público ou privado similar a esta convocatoria neste momento.

E para que conste para os fins oportunos, asino esta declaración en
_____ a _____ de _____ de 2024

Sinatura